

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de xullo de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 32731 (10/CPC-000058)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da creación e obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

Punto 2. Preguntas

- 2.1 31058 (10/POC-004906)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a fase de tramitación na que se atopa o expediente de concentración parcelaria na parroquia de San Pedro de San Román, no concello de Santiso, así como o prazo previsto para o inicio dos traballos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018
- 2.2 31633 (10/POC-004982)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o balance e os datos do Goberno galego referidos ás actuacións de limpeza levadas a cabo polos concellos nas faixas secundarias de seguridade e protección contra os lumes, as achegas orzamentarias realizadas pola Xunta de Galicia para eses labores e os principais impedimentos atopados polas entidades locais para a posta en práctica das instrucións da Consellería do Medio Rural ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 29446 (10/PNC-002341)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos casos de falsos positivos en tuberculose e positivos confirmados que se están a producir nas probas para o control sanitario do gando vacún, así como o baremo utilizado para indemnizar os gandeiros e gandeiras

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

3.2 31810 (10/PNC-002585)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a investigación no ámbito gandeiro e incrementar a formación dos gandeiros, así como a renovación do convenio asinado con Xenética Fontao, S. A. para o desenvolvemento do programa de mellora xenética da raza frisona galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emenda ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo, na data 29/06/2018 10:26:23